

RECOMPILACIÓN NORMATIVA  
UNHA VEZ SUPERADA A FASE III  
DO PLAN DE TRANSICIÓN CARA  
A UNHA NOVA NORMALIDADE  
TRAS A ALERTA SANITARIA POR  
COVID-19 EN GALICIA.

## NORMATIVA CONSOLIDADA

---

Data de actualización:

04/06/2022

## ÍNDICE

1. MEDIDAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.....	3
ORDE do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exigencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios. LIGAZÓN.....	3
ORDE do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. LIGAZÓN.....	7
2. OUTRAS DISPOSICIÓNS DE INTERESE.....	10
RESOLUCIÓN do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. LIGAZÓN.....	10
3. OUTRA NORMATIVA.....	12
4. MEDIDAS FINALIZADAS OU DERROGADAS.....	20

*Este documento de traballo foi elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública co fin único de actualizar e facilitar o acceso á normativa publicada tras a superación da Fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. Non ten carácter normativo, polo que non substitúe nin modifica as disposicións legais publicadas nos diarios oficiais.*



## 1. MEDIDAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

**ORDE do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exigencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios. [LIGAZÓN](#)**

Modificada por:

- **ORDE do 1 de decembro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exigencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios. [LIGAZÓN](#)**
- **ORDE do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. [LIGAZÓN](#)**
- **ORDE do 31 de maio de 2022 pola que se prorrogan a Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exigencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios, e a Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos, no que se refire aos centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade. [LIGAZÓN](#)**

## DISPOÑO:

**Primeiro.** *Medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso aos centros hospitalarios das visitas e acompañantes dos pacientes hospitalizados*

1. As visitas e acompañantes dos pacientes hospitalizados poderán acceder aos centros hospitalarios, tanto públicos como privados, sempre que as persoas maiores de 12 anos dispoñan dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

1º. Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización, de conformidade co Regulamento (CE) 726/2004.

2º. Que dispoñen dunha proba diagnóstica negativa realizada nas últimas 72 horas, no caso das PCR, e 48 horas, no caso dos tests de antíxenos. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/C 24/01, do Consello de Europa.

3º. Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 nos últimos 6 meses. Para iso, a persoa deberá ter sido diagnosticada como caso confirmado da COVID-19 hai 11 días ou máis mediante unha proba PCR, e non é válido outro tipo de test.

2. A medida preventiva de seguridade sanitaria, prevista no número anterior, establécese con fundamento na protección da saúde pública, ao abeiro do estipulado nas letras g) e k) do número 1 do artigo 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e, en particular, da regulación establecida nos artigos 7.2 e 15.12 da lei, e rexerese pola regulación establecida neste punto.

«2 bis. Esta medida preventiva de seguridade será aplicable tamén para o acceso das visitas e acompañantes dos pacientes aos hotéis de pacientes e hospitais de día para tratamentos oncolóxicos ou de diálise, tanto públicos como privados».

3. A medida non será aplicable para o acceso das persoas acompañantes dos pacientes no ámbito das consultas hospitalarias, nin para os acompañantes dos pacientes que acudan ao servizo de urxencias hospitalarias.

4. No caso dos visitantes ou acompañantes que non dispoñan da documentación indicada no número 1, permitirase o acceso se aceptan voluntariamente someterse a unha proba diagnóstica realizada no hospital.

5. A medida adoptarase con carácter temporal, atendidos os principios científicos, as probas científicas e a información dispoñible neste momento, buscando asegurar un nivel elevado de protección da cidadanía, de acordo co establecido no artigo 38.ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo.

A medida poderá ser revisada unha vez atendidas as probas e a información científica existentes en cada momento.

6. Os requisitos establecidos consideraranse como condicións de seguridade sanitaria e concreción dos deberes dos acompañantes establecidos no artigo 15 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, polo que as persoas responsables da dirección dos centros ou o seu persoal velarán pola implantación da medida de seguridade sanitaria.

7. Co obxecto de procurar a máxima garantía de privacidade e intimidade das persoas, a información a que se refire a medida preventiva só poderá ser solicitada para os efectos da súa mera comprobación ou verificación.

En particular, de acordo co principio expresado de velar pola máxima garantía da privacidade e da intimidade, a comprobación da validez dos certificados presentados, tanto en formato papel como en formato dixital, só poderá ser efectuada polos centros a través da lectura do código QR que figura en cada un dos certificados, empregando para tal fin a aplicación Passcovid da Comunidade Autónoma de Galicia, prevista na Orde da Consellería de Sanidade, do 18 de agosto de 2020, pola que se regula o sistema de información Passcovid.gal como medida complementaria na xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, dispoñible nas plataformas Android e iOS.

A comprobación efectuarase unicamente coa finalidade expresada de control de acceso. Non se conservarán en ningún caso datos de carácter persoal nin se crearán ficheiros con eles. Polo tanto, non se realizarán en ningún caso operacións de tratamento sobre datos persoais, xa sexa por procedementos automatizados ou non, como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso ou outra operación non permitida pola normativa vixente».

8. En todo caso, o persoal que poida ter acceso ou coñecemento da información está obrigado a manter o segredo e a confidencialidade sobre os datos persoais a que acceda, de acordo co establecido no número 4 do artigo 7 da Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do

dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, ou de acordo coa lexislación aplicable ao persoal sanitario, así como ao cumprimento do indicado no punto anterior.

9. De acordo co artigo 7.2 da Lei 8/2008, a medida seralle explicada aos afectados e ás afectadas de xeito comprensible. En particular, as persoas a que atinxe serán informadas, tanto verbalmente como a través de carteis visibles localizados na entrada do establecemento, de acordo cos modelos que determine a Consellería de Sanidade, das medidas aplicables e do seu contido, sobre o seu carácter necesario para o acceso, así como da non conservación dos datos persoais, a súa non integración en calquera tipo de ficheiros e a inexistencia de calquera tratamento ulterior, co fin de facilitar o coñecemento da dita información por parte dos seus destinatarios.

10. A posta en funcionamento da medida e o seu control respectarán, en todo caso, a dignidade da persoa. As actuacións de comprobación serán o menos intrusivas e invasivas que sexa posible para lograr o obxectivo de protección da saúde pública, procurando reducir ao mínimo as molestias ou inquemadas asociadas coa medida, de acordo co disposto no artigo 38.ter.2.a) da Lei 8/2001.

### **Segundo.** Autorización xudicial, publicación e eficacia

1. Solicitarase a autorización xudicial respecto da prórroga das medidas consistentes na exhibición de documentación previstas nos puntos primeiro e segundo desta orde, en canto poden implicar limitación ou restrición de dereitos fundamentais, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e publicarase a orde unha vez obtida a referida autorización.

2. A prórroga das medidas previstas nesta orde producirá efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e ata as 00.00 horas do día 18 de xuño de 2022.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2022

Julio García Comesaña  
Conselleiro de Sanidade



**ORDE do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. [LIGAZÓN](#)**

Prorrogada por:

- **ORDE do 31 de maio de 2022 pola que se prorrogan a Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios, e a Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos, no que se refire aos centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade. [LIGAZÓN](#)**

DISPOÑO:

**Primeiro.** Medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso aos centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade

1. As visitas e acompañantes das persoas residentes poderán acceder aos centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade, tanto públicas como privadas, sempre que as persoas maiores de 12 anos dispoñan dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

1º. Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización, de conformidade co Regulamento (CE) 726/2004.

2º. Que dispoñen dunha proba diagnóstica negativa realizada nas últimas 72 horas, no caso das PCR, e 48 horas, no caso dos test de antíxenos. No caso dos test rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de test rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/C 24/01, do Consello de Europa.

3º. Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 nos últimos 6 meses. Para iso, a persoa deberá ter sido diagnosticada como caso confirmado da COVID-19 hai 11 días ou máis mediante unha proba PCR, e non é válido outro tipo de test.

2. A medida preventiva de seguridade sanitaria, prevista no número anterior, establécese con fundamento na protección da saúde pública, ao abeiro do estipulado nas letras g) e k) do número 1 do artigo 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

3. A medida adoptarase con carácter temporal, atendidos os principios científicos, as probas científicas e a información dispoñible neste momento, buscando asegurar un nivel elevado de protección da cidadanía, de acordo co establecido no artigo 38.ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo.

A medida poderá ser revisada unha vez atendidas as probas e a información científica existentes en cada momento.

4. Os requisitos establecidos consideraranse como condicións de seguridade sanitaria e concreción dos deberes establecidos no artigo 15 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, polo que as persoas responsables da dirección dos centros ou o seu persoal velarán pola implantación da medida de seguridade sanitaria.

5. Co obxecto de procurar a máxima garantía de privacidade e intimidade das persoas, a información a que se refire a medida preventiva só poderá ser solicitada para os efectos da súa mera comprobación ou verificación.

En particular, de acordo co principio expresado de velar pola máxima garantía da privacidade e da intimidade, a comprobación da validez dos certificados presentados, tanto en formato papel como en formato dixital, só poderá ser efectuada polos centros a través da lectura do código QR que figura en cada un dos certificados, empregando para tal fin a aplicación Passcovid da Comunidade Autónoma de Galicia, prevista na Orde da Consellería de Sanidade, do 18 de agosto de 2020, pola que se regula o sistema de información Passcovid.gal como medida complementaria na xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, dispoñible nas plataformas Android e iOS.

A comprobación efectuarase unicamente coa finalidade expresada de control de acceso. Non se conservarán en ningún caso datos de carácter persoal nin se crearán ficheiros con eles. Polo tanto, non se realizarán en ningún caso operacións de tratamento sobre datos persoais, xa sexa por procedementos automatizados ou non, como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso ou outra operación non permitida pola normativa vixente.

6. En todo caso, o persoal que poida ter acceso ou coñecemento da información está obrigado a manter o segredo e a confidencialidade sobre os datos persoais a que acceda, de acordo co establecido no número 4 do artigo 7 da Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do



dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, ou de acordo coa lexislación aplicable ao persoal sanitario, así como ao cumprimento do indicado no punto anterior.

7. De acordo co artigo 7.2 da Lei 8/2008, a medida seralles explicada aos afectados e ás afectadas de xeito comprensible. En particular, as persoas a que atinxe serán informadas, tanto verbalmente como a través de carteis visibles localizados na entrada do establecemento, das medidas aplicables e do seu contido, sobre o seu carácter necesario para o acceso, así como da non conservación dos datos persoais, a súa non integración en calquera tipo de ficheiros e a inexistencia de calquera tratamento ulterior, co fin de facilitar o coñecemento da dita información por parte dos seus destinatarios.

8. A posta en funcionamento da medida e o seu control respectarán, en todo caso, a dignidade da persoa. As actuacións de comprobación serán o menos intrusivas e invasivas que sexa posible para lograr o obxectivo de protección da saúde pública, procurando reducir ao mínimo as molestias ou inxedanzas asociadas coa medida, de acordo co disposto no artigo 38.ter.2.a) da Lei 8/2001.

#### **Oitavo.** Autorización xudicial, publicación e eficacia

1. Solicitarase a autorización xudicial respecto da prórroga das medidas consistentes na exhibición de documentación previstas nos puntos primeiro e segundo desta orde, en canto poden implicar limitación ou restrición de dereitos fundamentais, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e publicarase a orde unha vez obtida a referida autorización.

2. A prórroga das medidas previstas nesta orde producirá efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e ata as 00.00 horas do día 18 de xuño de 2022.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2022

Julio García Comesaña  
Conselleiro de Sanidade

## 2. OUTRAS DISPOSICIÓNS DE INTERESE

**RESOLUCIÓN do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. [LIGAZÓN](#)**

### ACÓRDASE:

**Primeiro.** Declarar a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, por solicitude da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**Segundo.** Dispoñer a desactivación do Plan territorial de emerxencias de Galicia, que se deberá comunicar formalmente á Axencia Galega de Emerxencias.

**Terceiro.** A declaración da finalización da declaración de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entenderase sen prexuízo da adopción polas autoridades competentes das medidas que sexan necesarias para a contención e control da pandemia derivada da COVID-19.

**Cuarto.** En particular, a declaración da finalización da declaración de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia producirá, de conformidade co establecido no punto sétimo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, a perda de efectos das medidas recollidas como anexo ao indicado acordo.

Esta previsión entenderase sen prexuízo de que se manteñan os efectos das medidas actualmente en vigor adoptadas pola Consellería de Sanidade en virtude do indicado acordo.

**Quinto.** Corresponderalle á persoa titular da Consellería de Sanidade, como autoridade sanitaria, establecer as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, en particular, a adopción das medidas previstas no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

**Sexto.** Mantense a eficacia do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/22, co texto que figura como anexo I da Resolución do 1 de setembro de 2021, conxunta das consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade, e coas sucesivas adaptacións publicadas no Portal educativo, tras o levantamento da declaración de emerxencia sanitaria de interese galego. O Protocolo será plenamente aplicable ata que os órganos competentes acorden a finalización da vixencia das

actuacións coordinadas en saúde pública fronte á COVID-19 para centros educativos durante o curso 2021/22.

**Sétimo.** Este acordo producirá efectos desde a data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia».

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2021

Alberto Fuentes Losada

Secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade



### 3. OUTRA NORMATIVA

#### Normativa relacionada

- ORDE do 3 xullo de 2020 pola que se aproba o Protocolo en materia de establecementos de xogo para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (DOG nº133, do 06/07/20)
- RESOLUCIÓN do 20 de agosto de 2020 pola que se acorda levantar a suspensión das prácticas que se realicen en calquera centro sanitario situado na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG N.º 174 28/08/2020).
- ORDE do 29 de agosto de 2020 pola que se aproba o Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de saúde pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e o control da infección polo SARS- CoV-2 e dítanse instrucións para a tramitación dos procedementos sancionadores nestes casos (DOG N.º 175 29/08/2020).

#### Medidas nacionais

- Real decreto-Lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19
- Resolución do 30 de setembro de 2020, da Secretaría de Estado de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde sobre a Declaración de Actuacións Coordinadas en Saúde Pública para responder ante situacións de especial risco por transmisión non controlada de infeccións causadas polo SARS-Cov-2, de data 30 de setembro de 2020
- Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.
- Real Decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS- CoV-2.
- Resolución do 11 de novembro de 2020, da Dirección Xeral de Saúde Pública, relativa aos controis sanitarios a realizar nos puntos de entrada de España.
- Resolución do 11 de marzo de 2021, da Secretaría de Estado de Sanidade, pola que se publica o Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde sobre a declaración de actuacións coordinadas fronte á Covid-19 con motivo da festividade de San



- Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola [COVID-19. Modificado o artigo 6 e a Disposición adicional sétima polo Real Decreto-lei 30/2021, do 23 de decembro.](#)
- Orden SND/413/2021, do 27 de abril, sobre as condicións de corentena ás que deben someterse as persoas procedentes da República da India a súa chegada a España, durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2021, do 4 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes no orde sanitario, social e xurisdiccional, a aplicar tras a finalización da vixencia do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. **LIGAZÓN** Modificado o apartado 1 do artigo 14 polo Real Decreto-lei 30/2021, do 23 de decembro.
- Orde [PCM/439/2021](#), do 5 de maio, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 4 de maio de 2021, polo que se prorroga o Acordo do Consello de Ministros do 2 de febreiro de 2021, polo que se establecen medidas excepcionais para limitar a propagación e o contaxio polo COVID-19, mediante a limitación dos voos entre a República Federativa de Brasil e a República de Sudáfrica e os aeroportos españois. **LIGAZÓN**
- Orde INT/448/2021, do 10 de maio, pola que se modifica a Orde INT/657/2020, do 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde público e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 **LIGAZÓN**
- [Orde SND/466/2021, do 13 de maio, pola que se prorroga a Orde SND/413/2021, do 27 de abril, sobre as condicións de corentena ás que deben someterse as persoas procedentes da República da India á súa chegada a España, durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19](#)
- Orde INT/484/2021, do 19 de maio, pola que se modifica a Orde INT/657/2020, do 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde público e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**
- Orde [PCM/485/2021](#), do 19 de maio, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 18 de maio de 2021, polo que se prorroga o Acordo do Consello de Ministros do 2 de febreiro de 2021, polo que se establecen medidas excepcionais para limitar a propagación e o contaxio polo COVID-19, mediante a limitación dos voos entre a República Federativa de Brasil e a República de Sudáfrica e os aeroportos españois. **LIGAZÓN**



- Orde SND/511/2021, do 27 de maio, pola que se prorroga a Orde SND/413/2021, do 27 de abril, sobre as condicións de corentena ás que deben someterse as persoas procedentes da República da India á súa chegada a España, durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**
- Orde INT/519/2021, do 27 de maio, pola que se prorroga a Orde INT/657/2020, do 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde pública e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**
- Orde PCM/545/2021, do 2 de xuño, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 1 de xuño de 2021, polo que se prorroga o Acordo do Consello de Ministros do 2 de febreiro de 2021, polo que se establecen medidas excepcionais para limitar a propagación e o contaxio polo COVID-19, mediante a limitación dos voos entre a República Federativa de Brasil e a República de Sudáfrica e os aeroportos españois . **LIGAZÓN**
- Orde INT/552/2021, do 4 de xuño, pola que se modifica a Orde INT/657/2020, do 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde pública e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**
- Resolución do 4 de xuño de 2021, da Secretaría de Estado de Sanidade, pola que se publica o Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde sobre a declaración de actuacións coordinadas fronte á COVID-19. **LIGAZÓN**
- Resolución do 4 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Saúde Pública, relativa aos controis sanitarios a realizar nos puntos de entrada de España. **LIGAZÓN** (Mod. pola Resolución do 8 de xuño da *D.G. de Salud Pública*).
- Resolución do 8 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se modifica a do 4 de xuño de 2021, relativa aos controis sanitarios a realizar nos puntos de entrada de España. **LIGAZÓN**
- Orde SND/568/2021, do 8 de xuño, pola que se modifica a Orde SND/292/2021, do 26 de marzo, pola que se establecen medidas de control sanitario ás persoas procedentes de Francia que chegan a España por vía terrestre. **LIGAZÓN**
- Orde SND/591/2021, do 10 de xuño, pola que se prorroga a Orde SND/413/2021, do 27 de abril, sobre as condicións de corentena ás que deben someterse as persoas procedentes da República da India á súa chegada a España, durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**

- Resolución do 10 de xuño de 2021, da Secretaría de Estado de Sanidade, pola que se publica o Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde sobre modificación da declaración de actuacións coordinadas fronte á COVID-19. **LIGAZÓN**
- Orde [PCM/613/2021](#), do 16 de xuño, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 15 de xuño de 2021, polo que se prorroga o Acordo do Consello de Ministros do 2 de febreiro de 2021, polo que se establecen medidas excepcionais para limitar a propagación e o contaxio polo COVID-19, mediante a limitación dos voos entre a República Federativa de Brasil e a República de Sudáfrica e os aeroportos españois. **LIGAZÓN**
- Orde [INT/647/2021](#), do 23 de xuño, pola que se modifica a Orde [INT/657/2020](#), do 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde pública e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**
- Orde [SND/660/2021](#), do 23 de xuño, pola que se prorroga a Orde [SND/413/2021](#), do 27 de abril, sobre as condicións de corentena ás que deben someterse as persoas procedentes da República da India á súa chegada a España, durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**
- Real Decreto-lei 13/2021, do 24 de xuño, polo que se modifican a Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e a Real Decreto-lei 26/2020, do 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para facer fronte ao impacto do COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda. **LIGAZÓN**
- Orde [INT/677/2021](#), do 28 de xuño, pola que se modifica a Orde [INT/657/2020](#), do 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde pública e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**
- Orde [PCM/692/2021](#), do 30 de xuño, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 29 de xuño de 2021, polo que se prorroga o Acordo do Consello de Ministros do 2 de febreiro de 2021, polo que se establecen medidas excepcionais para limitar a propagación e o contaxio polo COVID-19, mediante a limitación dos voos entre a República Federativa de Brasil e a República de Sudáfrica e os aeroportos españois. **LIGAZÓN**
- Orde [INT/715/2021](#), do 7 de xullo, pola que se modifica a Orde [INT/657/2020](#), do 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde pública e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**

- Orde [SND/722/2021](#), do 8 de xullo, pola que se prorroga a Orde [SND/413/2021](#), do 27 de abril, sobre as condicións de corentena ás que deben someterse as persoas procedentes da República da India á súa chegada a España, durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**
- Resolución do 9 de xullo de 2021, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se modifica a do 4 de xuño de 2021, relativa aos controis sanitarios a realizar nos puntos de entrada de España. **LIGAZÓN**
- Orde [PCM/755/2021](#), do 16 de xullo, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 13 de xullo de 2021, polo que se prorroga o Acordo do Consello de Ministros do 2 de febreiro de 2021, polo que se establecen medidas excepcionais para limitar a propagación e o contaxio polo COVID-19, mediante a limitación dos voos entre a República Federativa de Brasil e a República de Sudáfrica e os aeroportos españois. **LIGAZÓN**
- Orden INT/657/2020, de 17 de julio, por la que se modifican los criterios para la aplicación de una restricción temporal de viajes no imprescindibles desde terceros países a la Unión Europea y países asociados Schengen por razones de orden público y salud pública con motivo de la crisis sanitaria ocasionada por la COVID-19 **LIGAZÓN**
- Orde [INT/790/2021](#), do 23 de xullo, pola que se modifica a Orde [INT/657/2020](#), do 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restricción temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde pública e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**
- Orde [SND/791/2021](#), do 23 de xullo, sobre as condicións de corentena ás que deben someterse as persoas procedentes de países de alto risco á súa chegada a España, durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. **LIGAZÓN**
- Orden SND/821/2021, de 30 de julio, por la que se modifica la Orden SND/791/2021, de 23 de julio, sobre las condiciones de cuarentena a las que deben someterse las personas procedentes de países de alto riesgo a su llegada a España, durante la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19. **LIGAZÓN**
- Orden SND/858/2021, de 6 de agosto, por la que se prorroga la Orden SND/791/2021, de 23 de julio, sobre las condiciones de cuarentena a las que deben someterse las personas procedentes de países de alto riesgo a su llegada a España, durante la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19. **LIGAZÓN**
- Orde [INT/910/2021](#), do 30 de agosto, pola que se prorroga a Orde [INT/657/2020](#), do 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restricción temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde pública e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada pola COVID- 19. **LIGAZÓN**



- Orde [INT/916/2021](#), do 2 de setembro, pola que se modifica a Orde [INT/657/2020](#), do 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde pública e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**
- Orde [INT/965/2021](#), do 15 de setembro, pola que se modifica a Orde [INT/657/2020](#), do 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde pública e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**
- Orde [INT/1005/2021](#), do 24 de setembro, pola que se modifica a Orde [INT/657/2020](#), do 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde pública e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**
- Orde [INT/1120/2021](#), do 15 de outubro, pola que se modifica a Orde [INT/657/2020](#), do 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde pública e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**
- Orde [INT/1159/2021](#), do 29 de outubro, pola que se modifica a Orde [INT/657/2020](#), do 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde pública e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**
- Resolución do 21 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se modifica a do 4 de xuño de 2021, relativa aos controis sanitarios a realizar nos puntos de entrada de España. **LIGAZÓN**
- Orde [INT/1269/2021](#), do 19 de novembro, pola que se modifica a Orde [INT/657/2020](#), do 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde pública e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. **LIGAZÓN**
- Orden [INT/1304/2021](#), de 26 de novembro, por la que se modifica la Orden [INT/657/2020](#), de 17 de julio, por la que se modifican los criterios para la aplicación de una restricción temporal de viajes no imprescindibles desde terceros países a la Unión Europea y países asociados Schengen por razones de orden público y salud pública con motivo de la crisis sanitaria ocasionada por la COVID-19. **LIGAZÓN**



- Resolución de 26 de noviembre de 2021, de la Dirección General de Salud Pública, por la que se modifica la de 4 de junio de 2021, relativa a los controles sanitarios a realizar en los puntos de entrada de España. [LIGAZÓN](#)
- Orden SND/1309/2021, de 26 de noviembre, sobre las condiciones de cuarentena a las que deben someterse las personas procedentes de países de alto riesgo a su llegada a España, durante la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19. [LIGAZÓN](#)
- Orden PCM/1324/2021, de 30 de noviembre, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 30 de noviembre de 2021, por el que se establecen medidas excepcionales para limitar la propagación y el contagio por la COVID-19, mediante la limitación de los vuelos entre determinados países del sur de África y los aeropuertos españoles. [LIGAZÓN](#)
- Orden SND/1376/2021, de 9 de diciembre, por la que se modifica y se prorroga la Orden SND/1309/2021, de 26 de noviembre, sobre las condiciones de cuarentena a las que deben someterse las personas procedentes de países de alto riesgo a su llegada a España, durante la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19. [LIGAZÓN](#)
- Real Decreto-lei 30/2021, de 23 de diciembre, por el que se adoptan medidas urgentes de prevención y contención para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por la COVID.19. [LIGAZÓN](#)
